



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2024/G007/000017

CERTIFICACIÓN

Eladio Bendaña Pardo, Secretario do Concello de Mesía,

CERTIFICO que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, celebrada en data de 23 de agosto de 2024, adoptou o acordo que deseguido se transcribe:

1. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA AOS CENTROS DE CONSUMO PERTENCENTES AO CONCELLO DE MESÍA”, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO. EXPTE. C11/2024.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9/08/2024, se aproba a memoria xustificativa da necesidade da contratación do “SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA AOS CENTROS DE CONSUMO PERTENCENTES AO CONCELLO DE MESÍA”, e se acorda o inicio do expediente de contratación.

Téndose incorporado ao expediente prego de cláusulas administrativas particulares así como prego de prescricións técnicas.

Constando no expediente todos os documentos preceptivos e visto o informe de secretaría-intervención, procede aprobar o expediente para a contratación do referido suministro.

Resultando ser o órgano de contratación competente a Xunta de Goberno Local, en virtude de la Disposición adicional 2ª de la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos del sector público, en relación co acordo de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local, de data 23 de xuño de 2023, xa que excede o valor estimado do contrato do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento para o exercicio 2024.

De conformidade co artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación (que inclúe o prego de cláusulas administrativas particulares así como o prego de prescricións técnicas anexos ao presente acordo) do “SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA AOS CENTROS DE CONSUMO PERTENCENTES AO CONCELLO DE MESÍA”, EXPTE. C11/2024, por procedemento aberto, por un prazo de un ano prorrogable por outro ano máis, cun presuposto de licitación total de CIENTO OITENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA EUROS E NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (189.340,96€), desglosado nun importe de CIENTO CINCUENTA E SEIS MIL CATROCIENTOS OITENTA EUROS E TRECE CÉNTIMOS (156.480,13€) máis o 21% de IVA, TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS SESENTA EUROS E OITENTA E TRES CÉNTIMOS (32.860,83€), sendo o valor estimado do contrato de TRESCENTOS SETENTA E CINCO MIL QUINIENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS E TRINTA E UN CÉNTIMOS (375.552,31€).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto para o exercicio 2024 con cargo ás aplicacións 165.22100, 231.22100, 323.22100, 333.22100, 342.22100, 920.22100 do vixente presuposto municipal.

TERCEIRO.- Visto o artigo 326 e la Disposición Adicional 2ª, apartado 7, da LCSP, noméanse membros da Mesa para a presente contratación a:

-Presidente: A primeira tenente de alcalde: Dª Pilar Sánchez Ulloa. Suplente: o Alcalde D Mariano Iglesias Castro.

-Vogais: D Eladio Bendaña Pardo, secretario-interventor, Dª María José Sesmonde Quinteiro, axente de emprego local; D. José Manuel Fariña Orgeira, técnico especialista en redes.

-Secretario: D. Ruperto Manuel García Neira, administrativo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2024/G007/000017

CUARTO.- Dispor a apertura do procedemento de adxudicación publicando este acordo e o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Concello de Mesía, venres 23 de agosto de 2024.

O secretario, Eladio Bendaña Pardo.

O alcalde, Mariano Iglesias Castro.